

Proposta de Traballo Fin de Máster (máximo 2 páxinas)

Profesor/a titor/a

Francisco Javier López González

Título

Definición e análise de indicadores para a caracterización dun espazo xeográfico como rural, como ferramenta para a planificación territorial. O caso de Galicia.

Obxectivos

- Breve análise dos conceptos de rural e urbano ao longo da historia.
- Definición dos problemas na caracterización dos espazos rurais na actualidade.
- Descrición dos criterios actuais para a delimitación dos espazos rurais.
- Xustificación (ou non) da necesidade desta caracterización.
- Análise da situación en Galicia.

Metodoloxía

Este traballo requeriría dun estudo máis ou menos minucioso do concepto de ruralidade a través do tempo, describindo a problemática actual para a súa caracterización (principalmente polo proceso de rururbanización) e facendo ficapé na descrición dos criterios nacionais e supranacionais que hoxe en día se empregan para a concreción dos espazos rurais fronte aos urbanos.

Unha vez descritos estes criterios, cumpriría analizar a súa eficacia e xustificar a súa aplicación de cara á unha correcta planificación territorial e á aplicación das políticas nacionais e europeas que requiran dunha tipificación do territorio.

Á vista do anterior, remataría o traballo cun estudo de caso na realidade de Galicia, é dicir, coa aplicación dos criterios observados e a análise dos resultados obtidos.

Trátase por tanto dun traballo eminentemente recopilativo, aínda que cunha compoñente de diagnose que levaría a considerar se os criterios aplicados na actualidade, a través do emprego de determinados indicadores e variables, axústanse ao pretendido coa caracterización.

Medios necesarios

Os medios necesarios para a realización deste traballo son preferentemente bibliográficos, ben sexa en formato papel, ben a través da rede coa consulta de páxinas web institucionais a nivel galego, español e europeo.

Breve bibliografía orientativa

Bibliografía relacionada coa definición dos espazos rurais, os sistemas urbanos, as novas relacións cidade-campo, os procesos de urbanización, as políticas europeas aplicadas preferentemente ao rural...

Documentos da Comisión Europea, do Comité das Rexións e doutras institucións como o Parlamento Europeo, relacionados coa delimitación dos espazos rurais, coa ordenación do territorio e co desenvolvemento rural.

Datos estatísticos para a análise do caso galego (obtidos preferentemente a partir do IGE, ademais doutras fontes en función dos indicadores aplicables).